



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 1 DE AGOSTO DE 2014.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 1 de agosto de 2014, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2014.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2013.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO

APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2013

En cumprimento do artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Conta Xeral do exercicio 2013 foi sometida a



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

informe da Comisión Especial de Contas o día seis de xuño de 2014, sendo informada favorablemente.

Posteriormente expúxose ó público (BOP nº 113, de 16 de xuño) por un período de 15 días, sen que durante eses días e oito máis se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación ó respecto.

Unha vez cumpridos os trámites enumerados no parágrafo anterior, e de conformidade co artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do concello de Mesía correspondente o exercicio económico do 2013.

Segundo.- Render a Conta Xeral da Corporación ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.

En Mesía, 28 de xullo de 2014. O ALCALDE. Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que a Conta Xeral do exercicio 2013 xa foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas o 6 de xuño deste ano e estivo exposta ao público durante o prazo preceptivo sen que se presentase alegacións ou reclamacións. Polo tanto corresponde agora ao Pleno aprobala para remitila posteriormente aos organismos correspondentes.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros presentes.

3. FIXACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2015.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA Ó PLENO DO CONCELLO

FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2015.

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste concello para o ano 2015.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como días festivos locais para o ano 2015, o día 17 de febreiro, martes de Entroido, e o venres 15 de maio, San Cidre.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña.

Mesía, 28 de xullo de 2014. O alcalde, Mariano Iglesias Castro"



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que barallouse poñer o día de San Juan, que foi pedido aquí, pero consideramos que ese día entorpecía máis, xa que cadra en mércores.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros presentes.

4. DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN DO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

En canto ao primeiro trimestre:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE:

Período medio de pago (PMP): 8,80 días

Período medio de pago excedido (PMPE): 0,00 días

Pagos realizados no trimestre dentro de período legal de pago: 320 pagos, por un importe total de 120.624,33€.

Pagos realizados no trimestre fora de período legal de pago: 0.

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Período medio do pendente de pago (PMPP): 2,59 días

Período medio do pendente de pago excedido (PMPPE): 0,00 días

Pendente de pago dentro do período legal de pago ao final do trimestre: 2 operacións, por importe de 1.235,09€.

Pendente de pago fora do período legal de pago ao final do trimestre: 0 operacións.

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO: 0,00€

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS QUE AO FINAL DO TRIMESTRE TRANSCORRERAN MÁIS DE TRES MESES DENDE A SÚA ANOTACIÓN NO REGISTRO DE FACTURAS E NON SE TEÑA TRAMITADO O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA: 0.

En canto ao segundo trimestre:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE:

Período medio de pago (PMP): 6,14 días

Período medio de pago excedido (PMPE): 0,00 días

Pagos realizados no trimestre dentro de período legal de pago: 435 pagos, por un importe total de 309.085,13€.

Pagos realizados no trimestre fora de período legal de pago: 0.

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Período medio do pendente de pago (PMPP): 2,68 días

Período medio do pendente de pago excedido (PMPPE): 0,00 días

Pendente de pago dentro do período legal de pago ao final do trimestre: 51 operacións, por importe de 16.454,83€.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pendente de pago fora do período legal de pago ao final do trimestre: 0 operacións.

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO: 0,00€

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS QUE AO FINAL DO TRIMESTRE TRANSCORRERAN MÁIS DE TRES MESES DENDE A SÚA ANOTACIÓN NO REXISTRO DE FACTURAS E NON SE TEÑA TRAMITADO O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA: 0.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (176/2014 a 232/2014).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 22 DE MAIO, 5 E 18 DE XUÑO E 3 DE XULLO DE 2014.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. Alcalde se hai algún rogo ou pregunta, non manifestando ningún concelleiro nada ao respecto. Manifesta o Sr. Alcalde que, tal como se acordou neste Pleno coa correspondente modificación de crédito, aplicouse o superávit do pasado exercicio á amortización do préstamo que tiñamos, polo que podo decir que, a data de hoxe, este concello pasa a formar parte da reducida lista de concellos que non teñen débeda.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,